

Exemplo dun COMENTARIO DE TEXTO sobre DOCUMENTO

O fragmento obxecto de comentario é un extracto do manifesto de Sandhurst tamén coñecido como “Manifesto á nación española”, no que o futuro Afonso XII, fillo de Isabel II de Borbón, preséntase á nación postulándose como un rei respectuoso co sistema constitucional e liberal.

O tema principal do texto é a figura de Alfonso de Borbón como o rei idóneo para España aproveitando o baleiro de poder e as tensións políticas que se deron na I República, salientando, tamén, a fortaleza das institucións políticas dende tempos inmemoriais como na Guerra de Independencia ou durante as diversas guerras carlistas.

O contexto deste manifesto é a I República, proclamada o 11 de febreiro de 1874 tras a renuncia de Amadeo de Savoia ao trono quedando así España sen rei tras exiliarse a nai de Afonso XII, Isabel II tras a revolución “Gloriosa” (1868).

A I República apenas durou un ano polas fortes tensións que había entre os republicanos acerca da forma de organización do estado, guerra en Cuba, o movemento cantonalista, a guerra carlista e as protestas auspiciadas polo movemento obreiro. Producíronse ata catro cambios de goberno. O 3 de xaneiro o xeneral Pavía entra no Congreso e dissolve as Cortes entregándolle o poder executivo ao xeneral Serrano. Este limita as liberdades e anula a Constitución, como se recolle no texto: “...*Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades...*” (ou facedes a referencia á liña concreta sen copiar esta frase).

Cánovas del Castillo, ante esta situación politicamente inestable e o medo entre a burguesía e as clases altas á revolución social e á desintegración de España, vese apoiado no seu obxectivo de restaurar a monarquía borbónica con Afonso de Borbón. Este preséntase, no texto obxecto de comentario, como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal: “...*resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente...*” (ou facedes a referencia á liña concreta sen copiar esta frase).

En xaneiro de 1875 tras o pronunciamento de Martínez Campos a favor de Alfonso volve a monarquía a España da man de Alfonso XII iniciándose así o proceso coñecido como restauración borbónica. Afonso XII nomea a Antonio Cánovas del Castillo, liberal conservador pragmático e posibilista, presidente do Goberno, o cal sentará as bases do novo réxime. No sistema canovista hai dous principios que son a pedra angular do seu sistema: o principio monárquico hereditario, personificado na familia e na figura de Afonso XII, que representa a tradición e a unidade e, por outro lado, o principio de liberdade

exercido polas Cortes, que representan a vontade da nación (Soberanía Nacional). Recóllense os dous principios no propio manifesto de Sandhurst: "...a *Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios...*" (ou facedes a referencia á liña concreta sen copiar esta frase).

O sistema, ademais, ten outras características que o diferencian dos anteriores: deféndese unha constitución histórica, monarquía constitucional doutrinaria, dobre confianza entre Rei e Cortes co poder executivo alternando entre o Partido Liberal e o Partido Conservador polo sistema de quendas fundamentado no fraude electoral e no caciquismo pero que estabilizou a vida política e someteu o poder militar ao poder civil evitando os pronunciamentos militares tan frecuentes durante os reinados de Fernando VII e Sabela II.

No 1876 apróbase unha Constitución que confirma as bases do sistema canovista. O resultado foi unha monarquía constitucional doutrinaria favorable aos intereses da oligarquía dominante que mantivo excluídas da participación política as outras tendencias de tipo progresista ou republicano. A xeralización do sufraxio masculino en 1890 non modificou o fraude electoral nin o control clientelas desa participación nas eleccións sistemáticamente amañadas.

Foi, en síntese, un réxime oligárquico, confesional, formalmente constitucional e pseudoparlamentario que favorecía as elites económicas que se enriqueceron cos negocios do comercio colonial, o ferrocarril e a especulación urbanística. Esa corrupción alimentou as redes clientelares dos partidos dinásticos (o caciquismo), pero mantivo a estabilidade política durante o reinado de Alfonso XII e a rexencia de María Cristina de Hausburgo. De feito, o sistema canovista tivo unha primeira crise coa morte de Afonso XII, quedando a raiña viúva (María Cristina de Hausburgo) embarazada do futuro Afonso XIII. Foi nomeada rexente e mantívose o sistema de quendas grazas ao Pacto do Pardo (1885) entre os dous líderes (Cánovas e Sagasta) dos partidos dinásticos. A crise política deste sistema veu provocada pola perda das últimas colonias americanas (o famoso o desastre de 1898 coa independización de Cuba, Porto Rico e Filipinas).